



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA DE PEÓN ESPECIALISTA INCLUÍDA NA OPE ORDINARIA DO CONCELLO DE MUROS DO ANO 2022 (Resolución da Alcaldía número 342/2023, de 17 de abril)

PERSOAS ASISTENTES:

Presidencia: D. Fernando Adolfo de Abel Vilela

Secretaría: Da. Graciela Castro Alvela

Vogais: Da. María Dolores Pena Pena, D. Fernando M. Rial Noia, Da. Noelia Louro Louro.

Sendo as 17:00 h do día 26 de abril de 2024, reúnese presencialmente o Tribunal na Casa do Concello de Muros.

PRIMEIRO. O Tribunal toma razón do escrito presentado polo aspirante D. Ramón Pascual Lago Pais en relación coa cualificación que lle foi outorgada no segundo exercicio da fase de oposición (Núm. de rexistro 202490000000719 do 19 de abril de 2024). Á vista do contido de tal escrito, e unha vez lle foi comunicado o mesmo por parte da Secretaría do Tribunal, por parte da Presidencia do Tribunal requiriuse ao colaborador-asesor do mesmo, Don Marcos Vilariño Rodríguez, que evacuase informe.

O contido literal de dito informe, asinado en data 24 de abril de 2024 e que se incorpora ao expediente administrativo, é o que segue:

“Informe relativo a escrito de alegacións presentado por D. Ramón Pascual Lago Pais en relación coa valoración que obtivo no segundo exercicio do proceso selectivo convocado para a cobertura de unha praza de peón especialista incluída na OPE ordinaria do Concello de Muros do ano 2022

Marcos Vilariño Rodríguez, con DNI 33269737F, na súa condición de persoal colaborador ou asesor do Tribunal selectivo do proceso selectivo, e en relación co escrito de alegacións arriba referido,

INFORMO

1º. A proba do segundo exercicio do proceso selectivo consistiu na execución dunha arqueta de ladrillo de dimensións 35x35x40 cm, dotada dunha suposta entrada de augas por un tubo de diámetro 110 mm procedente dunha baixante e dunha saída de diámetro 200 mm cara a unha suposta canalización xeral. Ao comezo da proba, por parte deste asesor e ante a presenza de todos membros do Tribunal selectivo, explicóuselles aos candidatos en que consistía exactamente a proba, que tiñan que executar.


O alegante Sr. Lago Pais executou unha arqueta sifónica, para poñer un aréico:



CONCELLO DE MUROS


Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ISS-52 ARQUETA SIFONICA



Mais resulta que esa arqueta sifónica non era o obxecto da proba, o tipo de arqueta que se pediu. O que se pediu foi, como antes expuxemos, unha arqueta de conexión dunha baixante:

ARQUETA A PIE DE BAIANTE





CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Na valoración feita por quen subscribe no seu informe, en concreto, fíxose constar o seguinte: "a entrada faise co cóbado no interior da arqueta a modo sifón. Colocando a cota superior, conseguindo pendente de entrada. A saída tamén colocada a cota máis superior que a entrada facendo que a auga estanque no fondo e impedindo a entrada ao estar esta máis baixa". Tal e como se pode apreciar, non se di que a auga faga retorno, senón, que ao estar a cota de saída a cota superior da entrada da auga, a auga estanca, producindo olores, xa que a decantación que se produce permanece no fondo da arqueta e co tempo aparece a descomposición.

É todo canto teño a ben informar, en Ames para Muros, a 24 de abril de 2024".

O Tribunal acorda por unanimidade asumir o contido do informe que se acaba de reproducir e, en consecuencia, desestimar as alegacións presentadas polo aspirante D. Ramón Pascual Lago Pais, mantendo a cualificación que no seu momento se lle asignou en relación co segundo exercicio da fase de oposición do proceso selectivo.

SEGUNDO. Resolto o anterior, procedeu o Tribunal a executar a fase de concurso de méritos do proceso selectivo consonte ao disposto na base 10.B das que o rexen, que dispón o que segue:

"B. FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS

Valoración máxima de 12 puntos (Carácter non eliminatorio)

Os méritos da fase de concurso acreditaranse mediante a presentación de orixinais ou copias simples da documentación esixida (contratos, vida laboral, diplomas de cursos de formación...)

Unha vez cualificada polo tribunal o resultado da valoración da fase de concurso, procederase á publicación na sede electrónica do Concello de Muros do resultado desta fase, outorgándose un prazo de 4 días hábiles a efectos de reclamación e alegacións.

B.1 Experiencia profesional relacionada coa praza obxecto da convocatoria, ata un máximo de 9 puntos

Por experiencia profesional en postos de traballo semellantes características: 0,20 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos, os meses de 30 días.

No caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Para a acreditación dos méritos anteditos, deberase achegar a seguinte documentación xustificativa:

No caso de servizos prestados en réxime laboral, mediante contrato de traballo onde figure a denominación do posto ou categoría así como vida laboral acreditativa de ditos servizos expedida polo órgano competente da seguridade social. A non presentación de ambos documentos (contrato e vida laboral) suporá que o tribunal non valorará ditos servizos

No caso de que os servizos foran prestados como funcionariado, mediante resolución de nomeamento, toma de posesión ou certificado de servizos prestados expedido polo órgano fedatario no que conste inequivocamente o posto/praza, funcións e período no que se



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

prestaron os mesmos, xunto á xornada laboral, e inescusablemente, certificación de vida laboral acreditativa dos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social.

A non presentación de ambos documentos (resolución de nomeamento/ toma de posesión/certificado de servizos prestados e informe de vida laboral) suporá que o tribunal non valorará estes servizos.

En todo caso, desta documentación xustificativa deberá concluírse/deducirse, de xeito claro e inequívoco, o posto/praza/categoría/condicións nos que se terían prestado os servizos que se pretende que sexan valorados, así como o tempo de efectiva prestación.

De non ser así, deberán achegar, a maiores, certificación expedida polo funcionariado ou órgano competente da entidade correspondente na que se reflectan e acrediten, claramente, tales extremos. No caso de que non resulten, a xuízo do tribunal, xustificadas os méritos alegados, este estará facultado para, en caso de dúbida, non proceder á valoración de tales méritos.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos prestados diferentes das previstas nestas bases.

B.2. Cursos de formación relacionados coa praza obxecto de convocatoria, ata un máximo de 2 puntos

Valorarase a realización de cursos de formación expedidos ou homologados por organismos públicos, colexios profesionais, sindicatos e similares acreditados oficialmente, relacionados coa praza obxecto e cursos de prevención de riscos laborais das Mutuas de AT e EP. Tamén se valoraran cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xénero, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática, protección de datos, administración electrónica).

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares.

- De 10 a 20 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- De 21 a 50 horas de duración: 0,50 puntos por curso
- De 51 a 100 horas de duración: 1,00 puntos por curso
- Máis de 100 horas de duración: 1,50 puntos por curso

B.3 Estar en posesión do carné de conducir tipo C: 1 punto”

Examinados individualmente os méritos alegados polos aspirantes, a puntuación que a cada un dos mesmos se lle asigna nesta fase de concurso en aplicación do disposto na base 10.B antes transcrita é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	EXP. PROFESIONAL	CURSOS	CARNÉ	TOTAL
Rama Martínez, Domingo Tomás	***6178**	9	1,10	0	10,10



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Tajes Pérez, Jesús Manuel	***3352**	9	2	0	11
Lago Pais, Ramón Pascual	***9379**	9	2	0	11
Núñez Núñez, Santiago	***8717**	9	0,5	0	9,5
Riomao Martínez, José Ramón	***8718**	9	2	0	11
Fernández Díaz, Rafael	***0166**	9	2	1	12

Consonte ao disposto na base 10.B das que regulan o presente proceso selectivo, unha vez determinado polo tribunal o resultado da valoración da fase de concurso, procederase á publicación na sede electrónica do Concello de Muros do resultado de dita fase, outorgándose un prazo de 4 días hábiles a efectos de reclamación.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 18:30 h da data sinalada no principio da presente acta.